

## **Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Calidade do 15 de abril de 2016**

Ás 12:40 horas do día 15 de abril de 2016, existindo o quórum necesario para a constitución da Comisión de Calidade, iniciase á mesma, estando presentes ás seguintes persoas:

### **Asistentes:**

Arias Martínez, María Antonia

Domínguez Rubira, Carmen

Fernández Acevedo, Rafael

Guerrero Gesteira, Isabel

Muleiro Parada, Luis

Pita Grandal, Ana María

Ruiz Hidalgo, Carmen

Torres Pérez, Francisco José

### **Excusan asistencia:**

Araújo Figueroa, Isaac Borja

López Rodríguez, Alba

Martínez Hens, Elena

Rodríguez Rodríguez, Emma

### **1.- Aprobación, se procede, de acta da sesión anterior.**

Apróbase acta da sesión anterior.

### **2.- Informes da Sra. Decana.**

2.1.- Onte (14 de abril) recibimos a programación da visita de auditoría feita pola ACSUG. A Decana manifesta que non está dacordo coa estrutura da mesma. Existe un prazo ata o vindeira semana para propor alternativas. Tal e como se falou no seu momento coa Área de Calidade da UVigo e coa Facultade de Dereito de Ourense, a idea era que houbera unha visita diferenciada en Vigo e en Ourense dada a peculiar estrutura do mestrado. De non acadar ese obxectivo, plantexaríamos unha revisión da orde da visita.

No obstante, a documentación solicitada (respecto a materias, tipo de reunión, etc.) xa foi turnada aos coordinadores das titulacións que van a ser obxecto de acreditación. Tal documentación vai seguir sendo a mesma (así como o número de reunións e integrantes/partícipes en cada reunión).

**3.- Aprobación, se procede, das novas versións dos procedementos para o ámbito docente e o/ou de xestión: AC-01-04 P1 (índice 02): Accesos e Admisión// AC-02-01 P1 (índice 02): Matrícula// AC-04-01 P1 (índice 02): Expedición de títulos oficiais-; e DO-0101 P1 (índice 05): Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais.**

A Decana informa que tráense para aprobación as novas versións dos Procedementos citados. As modificacións con respecto as versións anteriores son mínimas. Entre as mesmas compre salientar, a necesaria intervención Xunta do Centro en supostos de verificación, modificación, acreditación de títulos oficiais impartidos no Centro.

**Apróbanse.**

**4.- Aprobación, se procede, do Anexo 1 do Manual de calidade (listaxe de procedementos en vigor) e o mapa de procesos.**

Debido á variación dos procedementos hai que variar Anexo I do Manual de Calidade do Centro.

**Apróbase**

**5.- Aprobación, se procede, da adaptación da normativa do dobre Grao Ade-Dereito á nova normativa de PCEO aprobada polo Consello de Goberno.**

Tráese para aprobar a normativa grao conxunto Ade-Dereito. A Decana informa que froito da negociación entre ámbolos dous Centros e por iniciativa da nosa Facultade, a proposta inicial modificouse principalmente nestes aspectos: coordinación rotativa por cada 3 anos (no 17/18 se nomeará un coordinador/a de Dereito), e modificouse a xestión de prácticas externas extracurriculares e mobilidade que se fará desde o noso Centro.

**Apróbase**

**6.- Aprobación, se procede, das variacións de ratios na Política e obxectivos de calidade.**

O Coordinador de Calidade informa que, tras unha reunión coa área de calidade, advertíusenos que figuraban nas novas ratios (modificadas no mes de febreiro pasado) certos indicadores cunha nota inferior ao 3. Dado que a escala de valoración vai de 1 a 5 a nota mínima tense que situar nun 3. Por tal motivo, varíanse aqueles indicadores que tiñan unha nota inferior a 3 puntos.

**Apróbase.**

**7. Aprobación se procede, do calendario da Facultade para o curso 2016/2017**

Retírase este punto da orde do día.

**8. Aprobación, se procede, da proposta provisional de horarios para o curso 2016/2017.**

Retírase este punto da orde do día.

**9.- Adopción, se procede, de acordo de adhesión da Comisión de Calidade á candidatura de D. Manuel Olivencia.**

**Apróbase.**

**10.- Rolda intervencións.**

Infórmase que próxima Comisión de Calidade, celebrarase previsiblemente o vindeiro venres 22.

Non existindo mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:25 horas do que dou fe como Secretario.

Francisco José Torres Pérez